



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:49:16

SAIDA

4355/19



Reclamante: [REDACTED] en representación do [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 019/2019

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación do [REDACTED] mediante escrito do 22 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación do [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 22 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, contra a resolución do 28 de decembro de 2018 da Directora de Recursos Humanos da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés do Servizo Galego de Saúde sobre os permisos concedidos a [REDACTED]

O reclamante indicaba que solicitou á Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés (SERGAS) información sobre a situación laboral do pediatra [REDACTED]

[REDACTED] que no 2018 iniciou o que o reclamante considera un suposto período de reciclaxe de 6 meses, a fin de reincorporarse á súa praza de pediatra, e o 18.11.2017 xubilouse.

Tras o cesamento como Xerente, segundo afirma o reclamante, non consta que o Dr. [REDACTED] realizase reciclaxe algúin, nin que se incorporase á súa praza de xerente e recibiu integralmente a súa nómina dende febreiro 2017 ata a data da súa xubilación.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Con data 28.12.2018 a Directora de Recursos Humanos da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e ou Salnés ditou resolución que o reclamante considera incompleta e ambigua.

Ao mesmo tempo permitíuselle consultar diversos documentos relativos ao expediente persoal no que aprecia que existen lagoas documentais relativas ao permiso de reciclaxe e permisos pendentes do referido facultativo, xa que non consta ningún documento que acredite a reciclaxe nin constancia de que non puidera gozar os LD do ano anterior, polo que solicita que se requira á Administración sanitaria para que remita os datos concretos do permiso de reciclaxe para reincorporación, vacacións e permisos pendentes do Dr. [REDACTED]
[REDACTED] ou que recoñezan que non se pode acreditar o que non lles consta que fixese ningún tipo de reciclaxe nin poidan demostrar que gozou ou non as súas LD no ano 2017.

O escrito viña acompañado de copia da resolución do 28 de decembro de 2018 contra a que se presenta a reclamación que se recorre e copia de escrito do 11 de setembro de 2018, da Valedora do Pobo de conclusións sobre a queixa A.4 Q/12233/18.

Segundo. Con data 28 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Xerencia do Servizo Galego de Saúde para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data 19 de febreiro de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que na resolución do 28 de decembro de 2018, se lle daban as explicacións oportunas sobre os aspectos sinalados polo interesado e no que se refire ás solicitudes e autorización de vacación, días de libre disposición, permiso de reciclaxe, solicitude de prórroga no servizo activo e solicitude de xubilación se lle indicaba que estaban á súa disposición na Dirección de Recursos Humanos da EOXI para o seu acceso e consulta. O interesado, no uso desa disposición, accedeu ao exame da documentación, segundo consta no documento que asina o 10 de xaneiro de 2019.

A Secretaría Xeral Técnica considera que dado que o interesado solicitou a información na súa calidade de representante sindical, debería terse en conta o establecido na disposición adicional 1.2 da Lei 19/2013, e tramitarse a solicitude polo procedemento establecido polo artigo 64 e concordante do Estatuto dos Traballadores e o artigo 10 e concordante da Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que de acordo co informe da Administración, a solicitude foi resolta con data do 28 de decembro de 2018 e recibida polo interesado con data do 7 de xaneiro de 2019, e a reclamación se presentou o 17 de xaneiro de 2019 na delegación do Goberno en Galicia 8 entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 22 de xaneiro de 2019, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

O reclamante, na súa condición de delegado do Sindicato [REDACTED] [REDACTED] impugna a resolución do 28 de decembro de 2018 da Directora de Recursos Humanos da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés, porque considera que dita unha resolución na que da unha explicación incompleta e ambigua sobre a situación sobre que se solicitou información. Recoñece que se lle permitiu consultar o expediente persoal do Sr. [REDACTED] e nese exame aprecia lagoas documentais relativas a permisos de reciclaxe e permisos pendentes, xa que non consta ningún documento que acredite a reciclaxe, nin constancia de que o Sr. [REDACTED] non puidera disfrutar os LD (entendemos que se refire a días de libre disposición) do ano anterior.

O interesado solicitou a identificación do responsable de autorizar o permiso de reciclaxe do Sr. [REDACTED] e os profesionais que exerceron a titoría e seguimento do mesmo e na resolución do 28 de decembro se lle da contestación á solicitude de información.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Así mesmo solicita copia do preaviso ao facultativo que ocupaba provisionalmente o posto do [REDACTED] e se lle da contestación á súa solicitude. Respecto das solicitudes de autorización de vacacións, días de libre disposición, permiso de reciclaxe, solicitude de prórroga de xubilación, se lle deu acceso ao expediente do [REDACTED] para que o consultase, e respecto á certificación das retribucións que o Sr. [REDACTED] tivo que devolver, se lle informa que non se produciu tal devolución.

O acceso á información pública está configurado na Lei como undereito de amplio ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei 1/2016 consagra no seu artigo 24, é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións.

A solicitude de acceso á información pública ten por tanto a finalidade de obter a información que obre nun expediente (neste caso no expediente administrativo do Sr. [REDACTED] en poder dunha Administración, pero non é a vía a través da cal se poida entrar a valorar si o contido dese expediente e as resolucións que no mesmo se adoptaron, son ou non conformes coa norma positiva que lle sexa de aplicación, como parece que pretende o recurrente. Isto é, non é a reclamación en materia de acceso á información, a vía adecuada para entrar a valorar si a reciclaxe dun profesional do Servizo Galego de Saúde debe ser titorizada ou non, si debe existir un responsable do seguimento da mesma, si é necesario preaviso ou non ao traballador que ocupa provisionalmente unha praza etc....

Ao interesado se lle deu acceso ao expediente solicitado, e do seu escrito de reclamación dedúcese que bota en falta no expediente determinados documentos que considera que deben figurar, e que o Servizo Galego de Saúde considera que non son preceptivos. Considérase que a Xerencia na súa resolución e coa posta a disposición do expediente, cumpriu co disposto na normativa en materia de transparencia, sen que se poida entrar a valorar por esta Comisión se o contido do expediente do que se lle deu vista ao interesado, cumpre ou non coa normativa que lle sexa de aplicación.

Con respecto á alegación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de que o acceso á información solicitada debe tramitarse de conformidade co establecido no Estatuto dos Traballadores e a Lei Orgánica de Liberdade Sindical, debe terse en conta que dita disposición vincula a aplicación supletoria da Lei á existencia dunha norma específica que previxe e regule un réxime de acceso á información, tamén específico. En consecuencia, só no caso de que unha norma concreta estableza un réxime específico de acceso á información pública nunha determinada materia ou área de actuación administrativa, pode entenderse que as normas da Lei 19/2013 non son de aplicación directa e operan como normas supletorias. A mencionada disposición adicional ten como obxectivo a preservación doutros réximes de acceso á información que fosen ou poidan ser aprobados e que teñan en conta as

características da información que se solicita, delimita os lexitimados a acceder á mesma, prevéa condicións de acceso etc. Por iso, só cando a norma en cuestión conteña unha regulación específica do acceso á información, por máis que regule exhaustivamente outros trámites ou aspectos do procedemento, poderá considerarse á Lei 19/2013 como supletoria en todo o relacionado co devandito acceso. A interpretación contraria conduciría, adicionalmente, ao absurdo de que sectores enteiros da actividade pública ou determinados órganos territoriais quedasen exceptuados da aplicación do réxime de acceso previsto na Lei 19/2013, sendo esta, como é, unha lei básica e de xeral aplicación.

Se ben no marco das relacións laborais, o intercambio de información atopa o seu acomodo natural no réxime que constitúen a normativa en materia laboral, que contén vías para a adecuada comunicación entre empresario e traballadores, os Tribunais de Xustiza xa se pronunciaron no sentido de que o acceso á información debe recoñecerse con carácter amplio, e así, o Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº 4 de Madrid, en sentenza nº 93/2017, do 17 de xullo de 2017, establece que o artigo 12 da Lei 19/2013 recoñece do dereito de acceso á información pública a todas as persoas, sen distinción. Non cabe por tanto cualificar o artigo 64 do Estatuto dos Traballadores e o 10 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical como un réxime específico de acceso á información, nos termos a que se refire Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación do Sindicato [REDACTED] contra a resolución do 28 de decembro de 2018 da Directora de Recursos Humanos da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés do Servizo Galego de Saúde sobre os permisos concedidos a D. [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña




www.comisiondatransparencia.gal

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

A presidenta da Comisión de Transparencia



Milagros Otero Parga